



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 29/10/2009 ACTA Nº 12

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, grupo PP
D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

D^a Mónica legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día 29 de outubro de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente a sesión ordinaria anterior do día 28/08/2009, e a sesión extraordinaria urxente do día 3/09/2009.

Sometidas a votación son aprobadas por unanimidade.

2.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA AOS EDIFICIOS E SERVIZOS MUNICIPAIS

A liberalización do mercado eléctrico en España produciuse no ano 2003, logo da aprobación da Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico, ao traspasar a Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

Coa nova normativa, mantéñense reguladas as actividades de transporte e distribución, dada a súa característica de monopolios naturais, mentres que se liberalizan as actividades de xeración e comercialización.

Isto supón a posibilidade de contratar a subministración de enerxía eléctrica cunha “comercializadora”, independente da “distribuidora”, que é a propietaria das instalacións que chegan ata o destinatario final da subministración.

A desaparición da Tarifa Regulada para as subministracións de Baixa Tensión a partir de xullo de 2009, fai necesaria a contratación da empresa comercializadora que subministrará a partir de tal data.

Este Concello estima conveniente implementar, mediante concertación con outros municipios da provincia a través da Deputación, a adquisición conxunta da subministración de enerxía eléctrica, coa finalidade de obter unhas mellores condicións de subministración, así como unha previsible mellora das condicións económicas debido ao volume a contratar realizándoo de forma conxunta, tratando de aproveitar as economías de escala que se xeneran. O aforro no gasto corrente municipal ligada a eficiencia na prestación dos servizos públicos locais, constitúe unha esixencia permanente dunha administración ao servizo dos cidadáns, esta esixencia faise máis evidente nos momentos de crise económica como o presente.

A concertación intermunicipal mediante adquisición conxunta da subministración de electricidade precisa da centralización dos procesos de contratación nunha administración intermedia como é a Deputación provincial é, a tal efecto, transferir mediante a oportuna delegación as funcións correspondentes.

O artigo 40.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público establece que os órganos de contratación poderán delegar as competencias e facultades en materia de contratación cumprindo canto se establece nas normas aplicables. Igualmente, o título II da Lei 30/2007, regula a racionalización técnica da contratación poñendo ao servizo de tal medida as figuras dos “acordos marco”, os “sistemas dinámicos de contratación” e a contratación centralizada ou conxunta atribuíndo a mesma as denominadas “centrales de contratación”.

A súa vez, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, regula o procedemento e alcance da delegación intersubxectiva de competencias. Pola súa banda o artigo 47.2h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esixe o quórum da maioría absoluta legal para a adopción dos acordos de transferencia de funcións ou actividades noutras Administracións



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Públicas; requisito do que se deriva que a competencia para a adopción dos acordos de delegacións ou transferencias de funcións ou actividades se atribúa ao Pleno do Concello.

Visto o informe xurídico do secretario municipal do día 14/10/2009.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de economía e facenda do día 22/10/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Alcalde explica que a deputación Provincial de Lugo fixo unha oferta a tódolos concellos da provincia para adherirse a un convenio para a contratación conxunta da subministración de enerxía eléctrica dos edificios e servizos municipais para conseguir aforrar neste capítulo de gasto tan importante para os concellos.

O Sr. Varela Rodríguez sinala que manteñen o ditame da comisión informativa, que era favorable.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicataria e o Concello.

SEGUNDO.- O concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación centralizada efectuada pola Deputación Provincial, nos terminos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económico administrativos particulares e de prescrición técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

TERCEIRO.- A deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos términos do parágrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno.

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

CUARTO.- A duración do contrato será de 4 anos.

QUINTO.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da lei 30/1992.

SEXTO.- Facultase ampla e expresamente ao señor Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio no que se formalice a delegación de competencias acordada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

3.- APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VERTEDEURAS Á REDE DE SUMIDOIROS DE CHANTADA E USO DA MESMA. Expte: 217/490/2009

Déixase sobre a mesa para o seu estudo e aprobación na próxima sesión.

4º.- APROBACION INICIAL REGULAMENTO DO REXIME INTERNO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz, Teniente de Alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de data 29/08/2007, de delegacións de atribucións de Alcaldía no Tenente de Alcalde.

Resultando que por Resolución da Tenencia de Alcaldía de data 13/10/2009 iniciouse o correspondente expediente para a elaboración e aprobación dun “Regulamento do rexime interno do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada”.

Visto o proxecto de Regulamento redactado polos servizos xurídicos municipais.

Visto o informe do Secretario municipal de data 16/10/2009.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de economía e facenda do día 22/10/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Piñeiro Díaz explica que os cambios normativos na materia esixen cambios importantes no servizo de axuda no fogar, e que o novo regulamento adáptase a eles e establece os dereitos e obrigacións dos usuarios do servizo.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG e seis abstencións correspondentes os membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “Regulamento do rexime interno do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada”.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións o regulamento considerarase definitivamente aprobada.

5º.- APROBACION INICIAL ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA APORTACION ECONOMICA DOS USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA. Expte: 217/532/2009.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de aprobar unha nova “Ordeanza fiscal reguladora da aportacion economica dos usuarios do servizo de axuda no fogar do concello de Chantada” axustada á normativa vixente.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o proxecto de Ordenanza redactado polos servizos de Intervención municipais.

Visto o informe do Secretario municipal de data 13/10/2009.

Visto o informe/estudo técnico-económico da Interventora municipal de data 20/10/2009.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de economía e facenda do día 22/10/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Piñeiro explica as diferenzas da nova ordenanza fiscal respecto da anterior ordenanza, matizando que a principal é o prezo por hora establecido, que é de 10 euros, o máis baixo dos concellos que se consultaron, e que a tarifa se barema segundo o IPREM.

A Sra. Interventora explica como se calculou o prezo/hora do servizo, e que en calquera caso o importe da taxa é menor ao custo do servizo, e que aínda que o servizo será deficitario cumprese o establecido na Lei de Facendas Locais.

O Sr. Varela Rodríguez sinala que manteñen o ditame da comisión informativa.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG e seis abstencións correspondentes os membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a “Ordeanza fiscal reguladora da aportación económica dos usuarios do servizo de axuda no fogar do concello de Chantada”.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a Ordenanza considerarase definitivamente aprobada.

6º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

6.1.- Moción sobre os danos provocados pola fauna salvaxe.

Defende a moción o Sr. Piñeiro.

“A proliferación da fauna salvaxe non sempre é signo de saúde ambiental dun territorio. A proliferación dos xabaríns e corzos no noso rural está danando a recuperación de especies arbóreas autóctonas no caso dos corzos e no caso do xabarín é a puntilla para un xeito de produción de alimentos que foi quen de alimentar ao duplo da poboación que hoxe ten Galiza e que está ferido de morte polas políticas da UE que non teñen outro norte que o beneficio dos monopolios internacionais da alimentación.”



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Este está a ser un ano especialmente difícil para as labregas e labregos que quedan na Galiza. Á grave crise económica nas explotacións provocada por unhas políticas agrarias que conducen ao abandono diario de explotacións no País, súmanse agora as perdas producidas polos ataques da fauna salvaxe, sen que ditos problemas sexan atendidos pola administración competente, o Goberno Galego. Tampouco é irrelevante o perigo que sofren os automobilistas, maiormente do rural, expostos a frecuentes accidentes con ocasionais danos á súa integridade física pero sempre con danos materiais que teñen que sufragar porque a lei non establece a responsabilidade civil dos responsábeis da proliferación da fauna salvaxe. Se o xabarán sofre danos é da Xunta para impoñer multas na súa defensa pero se é o xabarán quen provoca os danos non é de ningún.

Os plans de indemnización establecidos non contemplan a realidade das explotacións, nin o total das perdas que están a sufrir.

O sector agrícola e gandeiro non deben seguir sendo os que cubran os custes e as perdas que se derivan do mantemento da fauna salvaxe. Os custes da conservación da mesma, que ten que ser sempre ordenada para ser compatíbel coa biodiversidade, teñen que recaer no conxunto da sociedade e non nas explotacións agrogandeiras.

Chegamos a un punto en que non se pode agardar máis, a cidadanía xa se pregunta quen protexe aos labregos e labregas?. A este paso, terán que ser declaradas/os especie en perigo de extinción e sen agardar máis .

O sector agrario e gandeiro non debe de seguir sendo o que cubra os custes e as perdas que derivan do mantemento da fauna salvaxe polo que se precisa de xeito urxente a ampliación do termo de fauna salvaxe para incluír especies que están a causar estragos nas explotacións como son corzos, corvos, coellos (as axudas só contemplan o lobo e o xabarán) pero entendendo tamén que estas axudas deben cubrir a totalidade dos danos provocados ás explotacións incluíndo o stres dos animais, abortos, custes veterinarios, a sementeira e o tempo de reposición dos cultivos.

Por suposto que as indemnización por ataques da fauna salvaxe teñen que ser abonadas de xeito áxil establecendo pagos anticipados nas zonas onde os ataques son habituais xa que na situación crítica en que se atopan, a supervivencia de moitas explotacións está directamente vinculada a estas xustas compensacións, por mor da situación crítica en que se atopan. Tamén é imprescindible que nos diferentes plans de recuperación da fauna salvaxe como pode ser o do lobo ao día de hoxe, se discrimine positivamente nos baremos de puntuación para calquera liña de axudas, ás explotacións agrogandeiras que se atopan nas áreas afectadas.

Por todas estas razóns o equipo de goberno quere propor ao Pleno do Concello para a súa aprobación os seguintes ACORDOS:

A falla dunha ordenación integral do rural que rompa o continuo de bosque-refuxio en que o abandono e as políticas contra o noso agro converteron o rural galego, reclamamos que de xeito inmediato se adopten as seguintes medidas inaprazábeis para a supervivencia do noso agro:

1.- Que pola Xunta de Galiza se modifique a normativa compensatoria dos danos fauna salvaxe de xeito que se estableza a responsabilidade civil da administración tanto fronte aos automóviles como fronte ás explotacións agrogandeiras establecendo para este último caso a concesión de pagos compensatorios anticipados.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2.- *En congruencia co punto primeiro eliminar o discriminatorio limite mínimo de animais para ter acceso as axudas actualmente 10 cabezas para gando maior e 30 cabezas para o gando menor.*

3.- *Habilitar liñas de axudas anuais para as explotacións sitas nas zonas catalogadas como lobeiras e nas zonas onde se recollan datos continuados por mor de perdas por xabaril ou outras especies contemplando a totalidade dos custes de reparación dos danos incluída a eutanasia do gando post-ataque.*

4.- *Protocolizar a identificación dos ataques de xeito que as explotacións non queden a mercé da interpretación dun só técnico. Suprimir o límite de 1500 € fixado actualmente como cantidade máxima para os danos do xabaril por explotacións que na maioría dos casos resulta unha cantidade ridícula respecto do custe dos danos e eliminar a limitación de 1ha que marca a orde de xeito que se cubra a totalidade das perdas das explotacións.*

5.- *Habilitación de axudas específicas para os tecores que lles permitan xestionar nos seus territorios plantacións e sementeiras de cara a alimentación suplementaria da fauna.*

6.- *Contemplan as razas autóctonas de xeito diferenciado nas contías das indemnizacións.*

7.- *Dar traslado destes acordos ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado."*

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP.

6.2.- Moción sobre a recollida de residuos voluminosos.

Defende a moción o Sr. Mazaira Varela:

"A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facenda municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes ACORDOS:

- *Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.*
- *No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados”.*

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP.

6.3.- Moción sobre a compra da fabrica de “Pascual” en Outeiro de Rei.

Defende a moción o Sr. Ledo Rodríguez:

“O pasado mes de maio, o Grupo Pascual anunciou un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaba á totalidade dos 155 traballadores que ocupaba na súa fabrica de Outeiro de Rei.

No mes de xullo, co visto e prace do Ministerio de Traballo e a anuencia da maioría da plantilla de traballadores, o Grupo Pascual conseguiu aprobar un ERE temporal de catro meses que significará o peche definitivo da fábrica de Outeiro de Rei se antes do 4 de decembro deste ano non aparece un novo propietario que asuma mantela en funcionamento.

No transcurso deste tempo foron moitas as institucións e organizacións de todo tipo que se pronunciaron en contra deste peche e a favor de manter activa unha fábrica que leva máis de 15 anos funcionando a pleno rendemento. Tamén porque este peche non afecta só aos empregados da fábrica se non porque ten consecuencias negativas para os produtores de leite galegos e as activades comerciais asociadas á recollida, transporte, transformación e comercialización dunha cantidade significativa de produtos lácteos e derivados.

Evitar o peche da fábrica de Pascual e recuperar a súa actividade empresarial é fundamental para xerar riqueza e emprego en comarcas cunha importante vocación e produción leiteira e tamén para consolidar e aumentar o valor do noso sector lácteo, no camiño de conseguir un Grupo Lácteo Galego. Así o entenden as principais cooperativas agrarias de Galiza que ofrecen alternativas viábeis para comprar e manter activa a fábrica de Pascual se, para isto, contan co apoio e colaboración da Xunta de Galiza, tendo en conta que o goberno galego debe impulsar aquelas accións empresariais encamiñadas a crear riqueza e emprego no noso País.

Cando faltan pouco máis de dous meses para que se consuma o anunciado peche de Pascual e o conseguinte despido daqueles traballadores que non se acolleran ás baixas incentivadas, o Goberno galego segue sen adoptar unha postura clara e efectiva que posibilite, antes do seu peche definitivo, a reactivación e o mantemento da actividade empresarial e comercial na citada fábrica de Outeiro de Rei.

Son os concellos, como institucións máis achegadas aos problemas que padece a xente, neste caso os produtores de leite, os que deben permanecer sempre atentos e activos para esixir da Administración, nomeadamente o Goberno Galego, que adopte as medidas precisas para



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

defender e favorecer o mantemento da nosa capacidade produtiva e a riqueza e emprego que xera en cada un deles. Razón pola cal o noso Concello debe seguir demandando solucións reais e de futuro para a fábrica de Pascual de Outeiro de Rei.

Polo exposto, o equipo de goberno somete a consideración do pleno o seguinte acordo:

- *A Corporación Municipal de Chantada demanda do Goberno da Xunta de Galiza a toma en consideración e o necesario apoio, político e económico, á alternativa presentada polas cooperativas agrarias galegas para adquirir a fábrica de Pascual en Outeiro de Rei e recuperar a súa plena actividade empresarial e comercial.*
- *Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Conselleiro do Medio Rural.”*

Sometida a moción a votación é aprobada por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG, e a Sra. Carbón Seijas e ao Sr. Janeiro (grupo PP), e catro abstencións correspondentes aos Sres. Varela Rodríguez, Novoa Fernández, Diéguez Carballo, e Carneiro Branco (grupo PP).

6.4.- Moción sobre o mantemento da actual área sanitaria de Monforte.

Defende a moción o Sr. Alcalde:

“A creación do Hospital Comarcal de Monforte no ano 1986, e a posta en marcha do mapa sanitario deu orixe a creación da Área Sanitaria de Monforte, o que significou unha mellora substancial da atención sanitaria da comarca a pesar das múltiples deficiencias tanto en materia de dotacións e servizos que aínda sofre a zona.

A principios do mes de Xullo, a Conselleira de Sanidade anunciou en Burela a creación dunha área sanitaria única para a provincia de Lugo, o que suporá a supresión da área sul de saúde, e a centralización da xestión hospitalaria en Lugo. As declaracións da Sra. Pilar Farjas provocaron unha grande preocupación na Comarca pois ao Hospital de Monforte están asignados aproximadamente 60.000 persoas, distribuídos en 11 Concellos (Bóveda, Carballedo, Chantada, O Courel, Monforte, Pantón, Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober), que pasarían a ter como primeiro hospital de referencia o Hospital de Lugo, cun grande aumento no nº de kilómetros a percorrer por parte dos usuarios e das molestias que esta decisión conleva. A maior afondamento a Xerente do Sergas, Rocío Mosquera, non dubidou en equiparar a área sanitaria como “unha integración de hospitais”.

A pesar de que a Consellaría non concretou o alcance desta proposta máis alá de consideracións xenéricas como “aumentar a eficiencia e a eficacia” ou “o reforzo de novas estratexias organizativas”, é precisamente por esa falla de concreción dados os antecedentes históricos que existen nesta área sanitaria, que a poboación comeza a estar alarmada posto que suporía unha merma importante dos servizos sanitarios ofertados así como da calidade dos existentes.

A xuízo do equipo de goberno as consecuencias para a sanidade pública atinxirían tanto aos usuarios como aos profesionais sanitarios e a groso modo resúmese nos seguintes aspectos:

a) Unha xerencia ubicada na cidade de Lugo, tanto pola distancia física, como pola distancia coa capital da provincia, implicaría unha dificultade para o acceso á mesma e descoñecemento de moitos problemas e eivas cotiás que xurdisen nos centros da actual área.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

b) *Unha xerencia ubicada en Lugo podería pór en cuestión investimentos previstos tanto nos centros de saúde como no propio Hospital de Monforte. Neste sentido na Comarca observase con preocupación que este novo modelo, poña en risco a implantación de novos servizos e especialidades así como a supresión da dotación no centro de saúde.*

c) *Unha xerencia única coa súa ubicación en Lugo e diante da escaseza de certos profesionais de algunhas especialidades médicas, implicaría desprazamentos constantes da poboación actual da área á cidade. Tendo en conta a distancia, a situación das comunicacións, o tempo de viaxe e ausencia dun transporte público axeitado, eses desprazamentos implicarían unha grande perda da calidade de vida para a poboación afectada ademáis de ter que asumir os gastos de desprazamento e, no seu caso, de hospedaxe os propios usuarios o que supón unha discriminación con respecto a poboación doutras zonas.*

d) *A supresión da área sanitaria de Monforte implicaría para os/as profesionais da saúde ter que optar a traballar en toda a provincia. Para o persoal eventual, tendo que inscribirse nas listas de contratación provinciais e tendo que aceptar contratos a máis de cen Km do seu domicilio, baixo a ameaza de penalización. Para o persoal fixo que accedera ao seu posto despois da publicación do Estatuto Marco e en base á mobilidade funcional, tendo enriba das súas costas un traslado forzoso a calquera lugar da provincia en calquera momento.*

Por todos estes motivos, a supresión da área sanitaria de Monforte, significaría ao ver do equipo de goberno unha merma na calidade asistencial que se lle presta á poboación e non pode consumirse porque sería avanzar no desmantelamento de servizos, particularmente nunha cuestión central como é a atención sanitaria.

SOLICITA

1º) *O equipo de goberno insta ao Pleno da Corporación a que defenda o mantemento do mapa sanitario de Galiza no que atinxe á área de saúde de Monforte, mantendo a área sanitaria, con todas as competencias que ten na actualidade.*

2º) *O equipo de goberno solicita que se lle de traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, a Conselleira de Sanidade así como aos grupos políticos con representación na cámara galega.”*

A Sra. Carbón Seijas presenta unha emenda de substitución co seguinte contido:

“EMENDA DE SUBSTITUCIÓN Á MOCIÓN DO BNG PARA O MANTEMENTO DA ACTUAL ÁREA SANITARIA DE MONFORTE

Nos pasados días e semanas vimos asistindo a un intento de engano masivo aos veciños desta comarca. Desde unha forza política moi concreta preténdese xerar un falso debate en relación co modelo de xestión da sanidade pública. Asistimos a un gravísimo episodio de manipulación e distorsión da realidade, que obedece tan só a intereses políticos, e a unha forma de facer oposición do “todo vale”, que está a superar amplamente os límites admisibles.

O devandito debate pretende confundir á cidadanía e aos profesionais do sistema sanitario xerando alarma social e empregando para elo un tema tan sensible como é o da saúde, que debería ser alleo a este tipo de tácticas.

O novo Goberno de Galicia e o PPdeG so ten un obxectivo na súa liña de acción política: Isto é a mellora da calidade asistencial para o usuario e máis posibilidades para os profesionais e traballadores do SERGAS.

Partindo desta base quixera deixar claras tres premisas:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Primeira: A área sanitaria de Monforte continuará mantendo a mesma denominación. A Xunta de Galicia nunca se plantexou a supresión da Área Sanitaria do sur lucense.

Segunda: Co novo modelo de xestión integrada das áreas sanitarias non se prescindirá nin dos profesionais e traballadores, nin os veciños e potenciais usuarios perderán servizos. Non é certo polo tanto que se vaian a suprimir especialidades médicas no Hospital de Monforte.

Terceira: Non é certo que vaia a ser necesaria a derivación de doentes que hoxe están a ser atendidos en Monforte ata outros hospitais.

Cando falouse dun cambio no modelo de xestión de outros quixeron facernos crer que se trataba da centralización nas prestacións, nos servizos que se lles prestan aos veciños. Nunca foi esta a intención da Xunta do PPdeG. Simplemente mellorar un sistema absolutamente colapsado que herdamos.

A herdanza envelenada do bipartito son:

- Interminables listas de espera.*
- Un enorme número de pacientes na sombra, ocultos polo administración de socialistas e nacionalistas, á espera de acceder a operacións e consultas.*
- Demoras que incluso que se estaban a producir cando precisábamnos ser atendidos polos médicos de cabeceira ou na prescripción de receitas.*

Combater estes cancros no sistema público de saúde sempre será a prioridade dun Goberno presidido polo PPdeG. Neste sentido, os populares, como expresión maioritaria da vontade dos veciños da comarca de Lemos, reiteramos o compromiso de potenciar e seguir mellorando os servizos existentes no Hospital de Monforte en beneficio dos cidadáns da comarca e así o queremos facer constar no acordo plenario proposto. A mellora da sanidade pública é a nosa prioridade básica.

Proponse a supresión do texto da moción e a substitución polo seguinte texto:

“O Pleno municipal do Concello de Chantada acorda:

PRIMEIRO.- Defender o mantemento da área sanitaria do Sur Lucense, ampliando as competencias que ten na actualidade, así como o catálogo de servizos que se ofrecen no Hospital de Monforte. Integrando tamén, dun xeito coordinado, os distintos centros de saúde de atención primaria.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, a Conselleira de Sanidade, á Dirección Provincial do SERGAS e á Deputación Provincial de Lugo así como aos grupos políticos con representación na cámara galega.”

O Sr. Alcalde explica que se trata dunha moción conxunta do equipo de goberno, e que no fondo están mais ou menos de acordo, polo que non é necesaria a emenda e deberían votar a favor da moción presentada polo equipo de goberno.

A Sra. Carbón Seijas sinala que non van retirar a emenda.

Sometida a votación a emenda, é denegada por sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, dous votos a favor correspondentes á Sra. Carbón Seijas e ao Sr. Janeiro (grupo PP), e catro abstencións correspondentes aos Sres. Varela Rodríguez, Novoa Fernández, Diéguez Carballo, e Carneiro Branco (grupo PP).



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP.

TRAMITE DE URXENCIA

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da proposta de “recoñecemento extraxudicial de credito sobre as asignacions aos grupos politicos do ano 2008”, na necesidade de liquidar as asignacións económicas dos grupos municipais do ano 2008 pendente de reconñecer.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

APROBACION EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 4/2009 SOBRE AS ASIGNACIONES AOS GRUPOS POLITICOS DO ANO 2008.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Visto o informe de Intervención de Fondos sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 4/2009.

Vistas as asignaciones dos grupos políticos do ano 2008 pendentes de recoñecer nos seguintes importes:

PSOE: 3.600 euros.
PP: 4.800 euros.
BNG: 3.000 euros.

Considerando o disposto na Lei de Facendas Locais 2/2004, de 5 de marzo, RD 500/1990; Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local; e no artigo 53.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobado o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 11.400,00 euros, das asignaciones dos grupos políticos do ano 2008 con cargo á partida 11.489.00 nos seguintes importes:

PSOE: 3.600 euros.
PP: 4.800 euros.
BNG: 3.000 euros.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo os servizos municipais de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O Sr. Alcalde xustifica de forma conxunta a urxencia das dúas propostas relacionadas cos catro concelleiros que abandonan o grupo PP e solicitan considerarse como membros “non adscritos”, na necesidade de dar conta dos escritos neste Pleno e regularizar a composición das comisións informativas, establecendo as novas asignacións proporcionais do grupo municipal PP.

Sometida a urxencia a votación de forma conxunta é aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

TOMA DE RAZON DOS CONCELEIROS NO ADSCRITOS.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Vistos os escritos dos concelleiros D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernandez, D. Manuel Dieguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carnero Blanco, do día 29/10/2009, RE nº 3814 a 3817, nos que exponen que por motivos pessoais abandonan o grupo municipal PP o que pertencen e solicitan a súa consideración como membros da Corporación “non adscritos” cos dereitos e obrigas previstos no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e demais normativa concordante.

Considerando lo señalado por el artículo 73.3 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, donde se establece la figura de los Concejales No Adscritos como aquellos que no se integren en el Grupo Político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o abandonen su Grupo de procedencia.

O Sr. Varela explica os motivos que lles levan a tomar esta decisión despois das discrepancias que surxiron no grupo político do partido popular, que levan falando cos veciños de Chantada desde fai un ano, e que aínda que decepcionen a algúns, outros moitos veciños estaban pedindo que rompíeramos co grupo e trabaxáramos para Chantada dende outra posición. Señala que cando estiveron na anterior corporación de Chantada gobernaron para todos os cidadáns e non discriminaron a ninguén, e que agora traballaran por Chantada libre de ataduras e sen disciplinas. Señala tamén que apoiaran as iniciativas do grupo de goberno que sexan boas e fundamentais para Chantada, esperando que estes tamén apoiem as súas iniciativas.

O Sr. Alcalde contesta conte co equipo de goberno.

O Pleno da Corporación de Chantada:

PRIMEIRO.- Dase por enterado dos escritos dos concelleiros D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernandez, D. Manuel Dieguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carnero Blanco, do día 29/10/2009, RE nº 3814 a 3817, nos que exponen que por motivos pessoais abandonan o grupo municipal PP o que pertencen e solicitan a súa consideración como membros da Corporación “non adscritos”.

SEGUNDO.- Toma en consideración a comunicación dos concelleiros D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernandez, D. Manuel Dieguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carnero Blanco, e procede a súa consideración a partir deste acto como concelleiros non adscritos cos dereitos e obrigas previstos no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e demais normativa concordante.

NOVA COMPOSICION DAS COMISIONS INFORMATIVAS E A ASIGNACIONES DOS GRUPOS POLITICOS.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Vistos os escritos dos concelleiros D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernández, D. Manuel Dieguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carnero Blanco, do día 29/10/2009, RE nº 3814 a 3817, nos que exponen que por motivos persoais abandonan o grupo municipal PP o que pertencen e solicitan a súa consideración como membros da Corporación "non adscritos" cos dereitos e obrigas previstos no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e demais normativa concordante.

Resultando que por acordo plenario do día 12/07/2007 adoptouse o seguinte acordo sobre as composicións das comisións informativas e as asignacións dos grupos políticos:

1.- As comisións informativas estarán compostas de sete membros, tres do PP, dous PSdeG-PSOE e dous do BNG. (...)

2.- Asignacións a grupos políticos:

- 100 euros/mes por grupo municipal, e 50 euros/mes por concelleiro; o que supón 400 euros/mes para o PP, 300 euros/mes para o PSdeG-PSOE, e 250 euros/mes para o BNG.

Dando cumprimento ó establecido no artigo 21, 22 e 75 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Modificar as composicións das comisións informativas para que sexa proporcional a nova composición do Pleno da Corporación, no seguinte sentido:

As catro comisións informativas permanentes estarán compostas por dous membros do grupo PSdeG-PSOE, dous membros do grupo BNG, un membro do grupo PP, e dous concelleiros non adscritos.

SEGUNDO.- Modificar as asignacións económicas variables do grupo municipal PP na cuantía proporcional aos dous membros actuais, no seguinte sentido:

200 euros mensuais (100 euros/mes por grupo municipal, e 50 euros/mes por concelleiro).

TERCERO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no taboleiro de anuncios desta entidade.

MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE AS BEIRARRUAS NA ESTRADA DE MERLÁN

O Sr. Varela presenta una moción de urxencia sobre as beirarruas na estrada de Merlán Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

Defende a moción o Sr. Varela:

"Fai poucos días que escomenzaron as obras na estrada de Merlán, motivo polo que, este feito e digno de Leticia para todos. Nembargantes enterémonos que dita obra non acadará as ilusións de tódolos veciños e veciñas de Basan Pequeño, pois dtas obras non chegan con ladeiras ata o acceso as suas casas.

Noutra moción que nos presentamos fai máis dun ano, pedíamos que se fixeran as urbanizacións ata a escola de Merlan, pero se nos dixo que era exaserado tal plantexamento. No futuro non



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

deberíamos descatar tal pretensión, pero agora, polo menos dexesaríamos que se fixera o arranxo ata Basan Pequeño.

ACORDO:

UNICO: Que o Goberno tome a iniciativa de continuar as obras ata entrada do pobo arriba indicado.”

O Sr. Varela explica que se lles dixo que non eran viables esas obras por insuficiencia económica, e que os veciños da zona gustaríanlles que se fixesen as obras ou que se tivesen en conta no POS da Deputación do ano que vén ou no plan complementario.

O Sr. Ledo Fernández explica que van incluír este ano as obras ata o poboado de Fenosa e que o ano que vén continuarase, polo que non teñen problema en aprobar a moción neste sentido.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

1. Sr. Janeiro: Sería necesario pór espellos na esquinas da Avda de Monforte diante dos colexios, cando aparcan coches ou camións non se ve nada.

- Sr. Alcalde: Non se poden pór espellos en todas as interseccións, e esteticamente non quedan ben. A zona está ben sinalizada e a velocidade está limitada.

PREGUNTAS:

1. Sr. Janeiro: O vertedoiro de material de construción está case cheo, teñen previsto outro sitio?

- Sr. Alcalde: Algo se mirou, hai unha solicitude de licenza por parte dunha empresa que está promovendo unha planta de recuperación de residuos da construción, que ao pechar a actividade como canteira aproveitaría a infraestrutura como planta de reciclaxe de materiais de construción.

E sendo as vinte horas e cincuenta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certificado.

Chantada, 29 de outubro de 2009

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel